

BANDO DA ALCALDÍA

Esta Alcaldía ten a ben de informar a tódos os veciños da existencia dun **Servizo de Recollida a domicilio de residuos para o Punto Limpo**.

Este Servizo, que xa se ben prestando dende fai tempo, mediante un Convenio firmado coa Deputación Provincial de Ourense, facilítanos a todos a comodidade de non ter almacenados trastos ou enseres que xa non nos fan servizo.

O único requisito é chamar ao Concello ao teléfono **988340120** para anotar todo aquilo do que queiramos desfacernos, e mantelos guardados no domicilio ata que lles avisen de que se vai recoller, polo que, mais doado non o podemos ter, e non xustifica a aparición destes elementos depositados polas rúas ou tirados por calquera sitio cual vertedoiro.

No tríptico que se publica xunto con este Bando, se informa de que tipo de residuos se recollen.

Tamén quero informar que non se recollen nin se poden depositar nos contenedores de lixo doméstico (verdes), os escombros e materiais de obra, xa que estes teñen que ser levados polos contratistas a Xestores autorizados para a súa eliminación.

Viana do Bolo, 29 de setembro de 2021

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso

ABELARDO CARBALLO ALONSO (1 para 2)
Alcalde
Data de Signatura: 29/09/2021
HASH: 7187f3936913cc84d51daa66e651cda



SELLO DE ÓRGANO (2 para 2)
Concello de Viana do Bolo
Data de Signatura: 29/09/2021
HASH: 5080d08637c223271ebee4743ca199f4



Cod. Validación: 7M3L7W33RGS9L325S4CYJLWT2T | Corrección: <https://vianadobolo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1